

Acordo do 27 de abril de 2026, do Departamento Territorial da Coruña, que sinala data para o pagamento dos prezos xustos por expropiación, no concello da Laracha (expedientes IN407A 2018/084-1 e tres máis).

De conformidade co disposto nos artigos 48.1 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 48.2, 49, 50 e 51 do seu Regulamento do 26 de abril de 1957, este departamento territorial acorda sinalar o día **11 de xuño de 2026**, a partir das 10:00 horas nas dependencias do Edificio Administrativo do Concello da Laracha (avenida de Fisterra, 60 – 3º andar), para que o pagador da entidade beneficiaria Hidroeléctrica de Laracha, SLU proceda ao pagamento dos prezos xustos e intereses por expropiación e imposición de servidumes de paso das instalacións eléctricas relacionadas máis abaixo, ás persoas propostas como propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas, ás que igualmente se lles dirixirá notificación individual ao efecto.

Así mesmo, cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidese practicar, publicarase un anuncio desta convocatoria no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

EXPEDIENTE	DENOMINACIÓN DA INSTALACIÓN
IN407A 2018/084-1	LMT, CT, RBT As Menoeiras
IN407A 2022/338-1	Reforma LMT A Cachada e novo CT Os Marcos
IN407A 2023/131-1	LMTS, CT Proame e reforma da RBT
IN407A 2024/017-1	LMT, CT A Baiuca-Soandres e enlace coa RBT

A Coruña, 27 de marzo de 2026.

Isidoro Martínez Arca
Director territorial da Coruña

